

ct

Finis Mundi

de
Iván Caloto

(fragmento)

A furare normannorum libera nos, Domine.

Personaxes

As redeiras	rignar carapartida
A maruxaina	ulf
A santa compañía	har o vello
O neno	vikingos

A nai
O mariñeiro
A vella
María
O muiñeiro
As tres vellas
O cura
O Bispo
Freguesía
Soldados, gardas das torres do oeste

prólogo.
As Redeiras.

Cova de rocha ó pé do mar. Unha especie de altar de rocha con cunchas, lapas, raspas de peixes, algas e espuma de mar.

As Redeiras se atopan sumidas nunha escuridade crecente (estamos preto da anoitecida), sentadas cosendo na súa rede infinita.

Óese o mar batente.

REDEIRA 2
(cantando) Bailadeca.

REDEIRA 1
(cantando) Bailadiña.

REDEIRA 3
(cantando) Bailadosa.

AS REDEIRAS
¡Bailadela da morte ditosa! (rin)

REDEIRA 3
(Á Redeira 1) Un outro fío. Este rematou.

REDEIRA 1
Foi ben curto.

REDEIRA 3
A penas un neno.

REDEIRA 2
Son tan curtos, os fíos dos nenos...

REDEIRA 3
Non todos.

REDEIRA 2
Non todos.

REDEIRA 1
Os hai que comezan esmorecidos e febles coma folliñas tenras e logo medran e engrosan e se fan fortes.

REDEIRA 2

Tanto que semellan non rematar nunca.

REDEIRA 3

Pero rematan. Todos o fan.

Rin. As Redeiras voltan a coser na súa rede.

De súpeto, o son dun corno que cruza o ar na tardiña.

REDEIRA 2

¿Que foi?

REDEIRA 1

Ben o sabes.

REDEIRA 3

A morte que chega.

REDEIRA 2

A morte nunca chega. A morte sempre está aquí.

REDEIRA 3

(co remate dun fío que acaba de coser) Un outro que rematou.

REDEIRA 1

¿Como foi?

REDEIRA 3

Está mollado.

REDEIRA 2

Pero este era forte, parecía...

REDEIRA 3

¿Que?

REDEIRA 2

... que chegaría máis lonxe. ¿Deixa parentes?

REDEIRA 3

Hai quen o sobrevivirá, pero non deixa herdeiros, se é iso polo que preguntas.

REDEIRA 1

Sempre pensando nos nenos.

REDEIRA 2

Son doces e tenros. Son coma sementes, están cheos de posibilidades.

REDEIRA 1
Son o futuro.

REDEIRA 3
Son o pasado.

REDEIRA 2
Son o agora mesmo.

Intres de silencio. As Redeiras se afanan na súa rede.

REDEIRA 2
(cantando) Bailadeca.

REDEIRA 1
(cantando) Bailadiña.

REDEIRA 3
(cantando) Bailadosa.

AS REDEIRAS
¡Bailadela da morte ditosa! (rin)

REDEIRA 1
(con certo noxo, ó tirar dun novo fío) Hai fíos que aparecen enlamados.

REDEIRA 2
(estirando) Non é lama.

REDEIRA 3
(cortando o fío) É sangue callado.

Un novo son de corno soa no ar, esta vez, máis preto.

REDEIRA 1
(erguéndose súbita) Silencio.

REDEIRA 2
(erguéndose súbita) Xa están aquí.

REDEIRA 3
(erguéndose súbita) Os tempos son chegados.

AS REDEIRAS
(cantando)
Si cantan, es ti, que cantas.
Si choran, es ti, que choras.

I es o murmurio do río
I es a noite
I es a aurora.

Escuro.

I.

A Maruxaina

A Maruxaina, peiteando os seus cabelos de prata nun penedo, no mar, onde as Torres de Oeste.

De fondo, mar escuro e ondada forte, mar picado de fondo.

A MARUXAINA

(para si) Noite de trebón.

(cantarexando coma fan tódalas sereas)

Nunha noite

así de clara,

nunha noite

de treboada.

Ven, ven meu querembén,

Ven, ven meu querembiño, ven.

Ti mallará lo liño

i eu tecerei un niño

de sedas e de corais

no que nos poder amar.

Ven, ven meu querembén,

Ven, ven meu querembiño, ven.

O seu cantar de serea pérdese por entre os tronos e os lóstregos da treboada.

II.

A Nai, O Mariñeiro

*Interior dunha casa vella. Cociña de paredes encaladas.
Lareira onde está A Nai cociñando, de costas a unha porta. No medio da parede,
unha ventá ó mar, de madeiras verdes.*

Pola porta, aparece O Mariñeiro.

O MARIÑEIRO

Nai.

A NAI

(deixa de cociñar) Que.

O MARIÑEIRO

Marcho.

A NAI

¿Onde?

O MARIÑEIRO

Ó mar.

A NAI

¿A estas horas?

O MARIÑEIRO

Sempre vou a estas horas.

O Mariñeiro vai marchar.

A NAI

(deteno) ¡Agarda!

O MARIÑEIRO

(na porta) Que.

A NAI

Non sei.

O MARIÑEIRO

Nai...

A NAI
Non sei. Non sei.

O MARIÑEIRO
¿Que tes?

A NAI
Estou nerviosa.

O MARIÑEIRO
¿Nerviosa? ¿Por que?

A NAI
Polo de mañá. Non sei. Pola voda se cadra.

O MARIÑEIRO
Pola voda.

A NAI
Fillo...

O MARIÑEIRO
Non teimes, nai. Todo está ben. Mañá casarei e ti gañarás unha filla.

A NAI
Mañá casas. (*aperta ó seu fillo*) Meu fillo.

O MARIÑEIRO
Non chores.

A NAI
¡Non choro! ¿Non o ves? Mírame nos ollos. Non choro.

O MARIÑEIRO
Marcho.

A NAI
Marcha, si.

O MARIÑEIRO
Se non me soltas...

A NAI
Perdoa. (*sóltao e volve cara a lareira*)

O Mariñeiro vai marchar.

A NAI
¡Agarda!

A Nai vai cara el e o aperta con máis forza ca antes.

O MARIÑEIRO
¿Que tes?

A NAI
¡Nada! ¡Nada! Son parva. Non me mires. Son vella, e son parva.

O MARIÑEIRO
Algo teimas.

A NAI
Meu fillo. Meu fillo. Vas casar. É-lo único que me queda. Son viúva de home e máis de primoxénito. A ámbolos dous mos levou o mar.

O MARIÑEIRO
Pero a min non me vai levar o mar. Mañá caso, nada máis. Coñeces a María. Gústache e ela te quere ben. Viremos a miúdo, xa verás.

A NAI
(*sen soltalo*) Fillo...

O MARIÑEIRO
Nai. Teño que marchar.

A Nai non o solta. Salouca.

O MARIÑEIRO
¿Que tes? Fala dunha vez.

A NAI
Chámame parva pero... Non sei, foi a túa voz, se cadra. Algo que escoitei. Na túa voz. Cando chegaches, o ton co que me falaches, tiven... Saltoume o corazón do sitio, no peito. Foi como escoita-la voz do teu pai, ¿entendes? Foi como cando marchou o teu pai, antes de que o tragan as ondas. Sentín o mesmo, ¿entendes? Aquí, no peito. Non marches.

O MARIÑEIRO
Nai. Non digas parvadas. Hoxe, non.

A NAI
¡Non marches!

O MARIÑEIRO
(*soltándose*) ¡Nai, abonda!

A NAI

Fillo. Non marches. Mañá casas, ¿a que enredar no mar esta noite? Descansa, durme. Mañá tes que te erguer cedo e...

O MARIÑEIRO

Nai. Xa. Mañá caso, si. Non tes que lle ter medo a iso. Tamén ti casaches e marchaches da casa dos teus pais. Viremos tódolos días, xúrocho.

A NAI

(tremendo) Non xures, non xures...

O MARIÑEIRO

Xa o verás. Cansaraste de ternos aquí tódolos días. E logo os netos, ¿eh? Un feixe de netiños que che veñan lixa-las paredes desta casa coas súas pegadiñas e as súas mans enlamadas.

A NAI

Si. Os netos. Moitos, ¿oes? Moitos, moitos netos. Fan moita falla, os nenos. Hai que encher de vida estes muros baleiros. Se non, hánseme caer enriba.

O MARIÑEIRO

Ti es quen de soste-lo peso do mundo enteiro, se fixera falla.

A NAI

Meu fillo...

Trono. Óese de fondo un cantar.

O MARIÑEIRO

(sepárase da Nai) ¡Demo! ¿Que foi? *(O Mariñeiro párase, escoitando un canto silandeiro ante o tremor mudo da Nai)* Teño que apurar, nai. ¡Marcho!

A NAI

¡Fillo!

O MARIÑEIRO

(marchando) ¡Nai, é o arroubo do mar!

A NAI

¡Fillo!

Escuro co canto da Maruxaina de fondo.

A MARUXAINA

Ven, ven meu querembén,

Ven, ven meu querembiño, ven.

Ti mallará lo liño

i eu tecerei un niño

de sedas e de corais
no que nos poder amar.
Ven, ven meu querembén,
Ven, ven meu querembiño, ven.